

*poemas de Anxo Ratel*

# 3+3

*imaxes de Fino Lorenzo*

*Non permitir que as tripas da Historia nos delaten  
perante o pánico  
nín merquen os corpos nosos moreas de homes traxados  
que non se extravíe tanta furia insurrecta  
por entre ladaíñas baleiras  
a carnaza de vermes purulentos  
dentada infame  
NON seremos*

*Habemos ceivar palabras longamente conformes  
proxectando a luzada tras dun rapaz antigo  
arremuiñados  
celebrando a fuga de todos os seres estraños*





*(Extraído do poemario “A contrafío”)*

*Efectivamente  
abóndannos resentidos mequetrefes sen raíces  
con gravatas de todas as cores*

*estar aquí  
coma un círculo vicioso  
declararse en ruleta rusa  
ao servizo do baleiro*

*non ter mitos nin poetas  
de noso*

*só un frío esmagador  
recoñecendo o tacto das feridas*

*Deste xeito  
médranos a noite  
intúese a estrita enfermidade  
o inútil corpo xa calado  
  
e un depósito de olladas  
adoptando a postura da parálise  
  
véñse todo deter aquí  
  
xusto na liturxia indigna  
da vosa renuncia*

